


## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **reboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PR2

Piñeiro insigne *Pinus radiata* D. Don.



**Piñeiro insigne**

*Pinus radiata* D. Don.

MODELO SILVÍCOLA PR2

Madeira de serra e chapa

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** de 714 a 1.000 plantas/ha.
- **Marco da plantación:** 3,5 metros entre liñas, como mínimo, e 3,5 metros entre plantas.. Outras opcións son: 4 m x 3 m, 4 m x 3,5 m ou 4 m x 2,5 m.
- Utilizar planta mellorada de categoría cualificada ou controlada.

## 3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.



### MODELO SILVÍCOLA PR2

**ESPECIE:** *Pinus radiata* D. Don., aplicable a formacións mixtas con *P. pinaster* e frondosas autóctonas

**OBXECTIVO:** madeira de serra e chapa. 250-300 pés/ha de calidade en corta final

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** ata 2,5-3 m tras a primeira rarea cando o diámetro acade os 10 cm e ata os 5,5-6 m cando os pés acaden unha altura total de 12-15 m e o diámetro sexa de 18 cm. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final (250 a 300 pés/ha).
- **Desmestas:** aos 7-8 anos ata deixar 600-900 pés/ha.  
Tratamento de restos por trituración, espaxado ou aproveitamento no 50 % das entreliñas.
- **Rareas:**
  - Primeira rarea: entre os 10-15 anos ata deixar 500-600 pés/ha.
  - Segunda rarea (opcional): entre os 15-25 anos ata deixar 250-300 pés/ha.

Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas.

## 5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 30-35 anos.
- **Método de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos con árbores pai.



Máis información do modelo